

NORMATIVA DE CUMPRIMENTO

O alumno ou alumna que incumpra as normas establecidas neste protocolo e os procedementos establecidos pola Consellería de Educación, estará suxeito/a á suspensión temporal ou definitiva dos seus dereitos de utilización do ultraportátil, así como ás correspondentes sancións disciplinarias recollidas nas Normas de Organización e Funcionamento e Convivencia (NOFC) do colexio, segundo a súa falta sexa calificada como leve, grave ou moi grave.



Acceso ao EVA (Entorno Virtual de Aprendizaxe)

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

As nosas familias van ser informadas sobre o material das aulas Abalar-Edixgal así como de todas estas normas e se comprometerán, por escrito, a cumprilas e facelas cumprir.

Así que eu tamén me comprometo a coidar do equipo e participar nas actividades conforme a estas normas.



Novidade

A partires deste curso, toda a comunidade educativa (profesorado, alumnado e familias) participante no proxecto edixgal conta cun **SERVIZO PREMIUM** ao que se poden dirixir para xestionar e solucionar calquera incidencia ou dúbida que teñan sobre o equipo do/a alumno/a ou o acceso e uso da Plataforma de Contidos Dixitais (EVA) tanto online como offline.

O contacto co Servizo Premiun pódese facer durante as 24 horas do día a través do número de teléfono 881 86 99 00 ou do correo electrónico soporte.premium@edu.xunta.es.

NORMAS DE USO ALUMNADO

AULAS ABALAR



C.E.I.P. O PIÑEIRIÑO

CURSO ____ - ____

NORMAS XERAIS.

- Antes de coller o portátil dos armarios, ordenaremos e farémolle sitio nas **mesas**.
- Iremos ao armario por orde. En ningún caso, acudiremos en grupo, para evitar aglomeracións que deriven en posibles caídas dos equipos. Levarémolo ata a mesa **collido coas dúas mans**.

- Cada un dos portátiles ten unha etiqueta identificativa que se corresponde con cada alumno ou alumna. Sempre colleremos o equipo que teñamos asignado.



- Se non levamos o portátil para a casa, devolverémolo ao lugar que lle corresponde dentro do armario, cando o indique o profesor ou profesora, asegurándonos de que queda conectado ao cargador.

- É a nosa **responsabilidade** o coidado do equipo asignado e o seu mantemento en bó estado. Para iso, debemos preservalo de temperaturas extremas (sol, radiadores), da humidade (auga e outros líquidos) e mesmo evitar golpes.
- Non acenderemos o portátil ata recibir a orde expresa do profesor ou profesora.
- A pantalla é moi delicada. Se utilizas o dedo ou un punteiro, faino con moito coidado.



- Non colocaremos obxectos de ningunha clase sobre o equipo nin cando estea aberta nin cando estea pechada a tapa.

- Cando teñamos unha incidencia co equipo, debemos comunicarllo ao profesor ou profesora, procurando non interrompir aos compañeiros.

- No caso de non poderse arranxar a incidencia nese momento, continuaremos traballando segundo nos indique o profesor ou profesora: ou ben xunto con outro compañeiro ou compañeira ou doutro xeito.

- Cando o profesor ou profesora teña que interromper o traballo para dar unha explicación, baixaremos a tapa do ultraportátil sen chegar a pechalo, de xeito que non entre en estado de suspensión.

- Seremos responsables do mantemento do escritorio e dos ficheiros e carpetas seguindo as normas do profesorado.

- Tamén seremos responsables de gardar o traballo e apagar correctamente o equipo ao finalizar a clase.

É aconsellable que teñamos uns cascos, para non molestar cando fagamos actividades con son e un lapis de memoria USB.

ENCERADO DIXITAL INTERACTIVO (EDI)

O Encerado Dixital Interactivo (EDI) só podemos usalo cando o profesor ou profesora así nolo indique.

Se traballamos no EDI debemos ter en conta algúns consellos:

- Non se poden utilizar obxectos ou instrumentos puntiagudos como os bolígrafos, lapis ou rotuladores. Aínda que a superficie é moi duradeira, este tipo de elementos poden danar a superficie analóxico-resistiva se aplicamos unha forte presión. Só utilizaremos os dedos e o rotulador propio do EDI.

- Evitaremos borradores ou materiais de limpeza abrasivos.

- É requisito indispensable para o uso do EDI que as mans

reúnan unha perfecta condición hixiénica (coidado coas unllas).

- Non podemos pegar cinta adhesiva sobre o EDI.

- No caso de escritura accidental con rotuladores, avisaremos da incidencia o antes posible, para tentar boralo seguindo as instrucións do fabricante.

